

ENSEÑAR A TRADUCIR: METODOLOGÍA EN LA FORMACIÓN DE TRADUCTORES E INTÉRPRETES

HURTADO ALBIR, Amparo (dir.). *Enseñar a traducir: metodología en la formación de traductores e intérpretes*. Madrid: Edelsa, 1999¹.

Este libro recolle os resultados dun proxecto colectivo de investigación dirixido por Amparo Hurtado Albir na Universitat Jaume I de Castellón. Reflicte a experiencia de varios profesionais da ensinanza da traducción e a interpretación no seo dunha licenciatura universitaria.

No primeiro capítulo establécense os alicerces teóricos e pedagóxicos do proxecto. Tras revisar algúns traballos previos no campo da ensinanza da traducción, os autores salientan a necesidade de avanzar na elaboración dunha didáctica específica na formación de tradutores e intérpretes. Seguindo o modelo de Delisle, inciden nos obxectivos da aprendizaxe como punto de partida do deseño didáctico e amósanse partidarios dunha concepción comunicativa da traducción e da súa pedagogía, así como dun enfoque metodolóxico desenvolvido mediante tarefas.

De acordo con estas bases, abórdase a continuación a ensinanza das seguintes materias: linguas (tanto materna/s coma estranxeira/s), traducción directa e entre linguas maternas, traducción especializada (científico-técnica, xurídica, literaria e audiovisual), e interpretación (traducción á vista, interpretación de enlace, simultánea e consecutiva).

En cada capítulo enuméranse os obxectivos da aprendizaxe para o desenvolvemento dos compoñentes da competencia tradutora relevantes en cada caso. Estas enumeracións detalladas (e resumidas en cadros) serven para introducir recomendacións metodolóxicas ilustrativas, claramente presentadas en unidades didácticas que se estruturan por tarefas nas que se especifican obxectivos, materiais, desenvolvemento e avaliación; as tarefas fan referencia a distintos exemplos en español, catalán, inglés, francés e alemán incluídos nun apéndice de textos. Engádese tamén ó final un glosario de termos básicos en castelán.

1. Traducción do castelán ó galego realizada por Iria Rodríguez Liaño.

Aínda que nunha obra deste tipo non hai a penas espacio para profundar en ningún dos campos tratados, moitas suxestións metodolóxicas poden amosa-lo camiño a seguir na progresión pedagóxica, dado que aparecen sempre adecuadamente contextualizadas no marco duns obxectivos globais e específicos ben definidos na formación do traductor-intérprete. Esta é, sen dúbida, a maior virtude dunha obra que debería resultar de consulta obrigada para quen ensina ou pretende ensinar a traducir ou interpretar nun nivel introductorio e/ou intermedio.

Fernando Prieto Ramos
School of Applied Language and Intercultural Studies
Dublin City University